



Carta aberta ás traballadoras e traballadores do ensino concertado de Galicia

Compañeiras e compañeiros:

As organizacións sindicais FSIE, UGT, CCOO Ensino, FEUSO, SNEP e CIG queremos dirixirnos ao conxunto das traballadoras e traballadores do ensino concertado de Galicia para facer un chamamento á participación nas mobilizacións convocadas o vindeiro 26 de xuño.

Facémolo desde a convicción de que as reivindicacións que defendemos non son patrimonio de ningunha organización sindical. Son reivindicacións que afectan a todo o persoal do sector, estea ou non afiliado a un sindicato. Porque os problemas que padecemos son comúns e porque a defensa dos nosos dereitos laborais debe estar por enriba de calquera sigla.

As organizacións sindicais comprometémonos, polo ben do conxunto das persoas traballadoras do sector, a manter unha unidade sindical leal na defensa destas reivindicacións. Unha unidade na que non terán cabida mobilizacións paralelas que exclúan a ningunha organización representativa e na que se procurará deixar a un lado as diferenzas existentes, que as hai, para poñer en valor aquilo que compartimos. Só desde a unidade, o respecto mutuo e a suma de esforzos poderemos avanzar con maior forza na consecución en Galicia das xustas reivindicacións de todo o persoal dos centros concertados.

Levamos anos sufrindo incumprimentos, discriminacións e agravios que non poden seguir perpetuándose. Tampouco temos un Acordo de Mantemento de emprego que garanta manter os empregos actuais.

Seguimos á espera do cumprimento íntegro do Acordo de Homologación de 2008, un compromiso adquirido pola Administración que continúa sen materializarse plenamente. Un acordo que debía servir para avanzar na equiparación das condicións laborais e retributivas do persoal do ensino concertado e que, dezoito anos despois, segue a ser unha débeda pendente.

Seguimos denunciando a situación do persoal de administración e servizos, excluído do pagamento delegado e sometido a unhas condicións que non reciben a atención nin o recoñecemento que merecen. Non pode haber solucións parciais cando unha parte fundamental das traballadoras e traballadores do sector continúa sendo esquecida.

Seguimos vendo como o pagamento da paga de antigüidade e doutros complementos retributivos (dinamización lingüística, coordinación, titoría,...) queda bloqueado ano tras ano a través da Lei de Orzamentos da Xunta de Galicia, impedindo o desenvolvemento de dereitos laborais recoñecidos e consolidando unha situación de desigualdade inaceptable.

Prestamos un servizo público esencial para a sociedade galega. Desenvolvemos a nosa actividade dentro do sistema educativo sostido con fondos públicos, pero as nosas condicións laborais e salariais continúan moi lonxe das existentes noutros ámbitos educativos. Existe un principio básico do sindicalismo que non admite excepcións: a igual traballo, igual salario e iguais dereitos.

Por iso resulta especialmente indignante comprobar como se anuncian reducións da carga lectiva ata as 18 horas en Secundaria e as 23 horas en Infantil e Primaria para o ensino público, mentres miles de docentes do ensino concertado seguimos asumindo, con sorte, 25 horas lectivas semanais. É unha situación que evidencia, unha vez máis, a fenda existente entre quen desempeñamos funcións equivalentes dentro do mesmo sistema educativo.

Non estamos a reclamar privilexios.

Estamos a reclamar xustiza, convocando a Mesa Tripartita para abrir negociación XA!

Estamos a reclamar o cumprimento dos acordos asinados.

Estamos a reclamar o pagamento da paga de antigüidade e dos complementos retributivos.

Estamos a reclamar condicións dignas para o persoal de administración e servizos.

Estamos a reclamar a homologación real das condicións laborais e salariais do persoal do ensino concertado.

Por todo isto, facemos un chamamento a todas as traballadoras e traballadores do sector para que participen activamente nas concentracións convocadas o próximo 26 de xuño:

1. 11:00 horas diante da Consellería de Educación, en San Caetano (Santiago de Compostela).
2. 13.30 horas na Delegación da Consellería de Educación, na Praza da Estrela (Vigo)
3. 13.30 horas na Delegación da Consellería de Educación, no Edificio Monelos (rúa Vicente Ferrer 2, A Coruña)

Independentemente da túa afiliación sindical.

Independentemente da túa categoría profesional.

Independentemente do centro no que traballes.

O 26 de xuño temos a oportunidade de trasladar unha mensaxe clara á Administración: o persoal do ensino concertado está unido na defensa dos seus dereitos e non está disposto a seguir acumulando incumprimentos e discriminación

A forza das nosas reivindicacións dependerá da forza da nosa participación.

Vémonos o día 26.

